

# Os inmigrantes intégranse coa súa propia cultura

Unha proposta para rachar cos prexuízos

**REPORTAXE**

MARCOS SUEIRO  
GALICIA

actualidade@xornaldeg Galicia.com



Dous institutos de Santiago e outro do concello de Ames convertéronse nun laboratorio de integración intercultural entre rapaces e rapazas adolescentes con idades comprendidas entre os 13 e os 18 anos. O Eduardo Pondal, o Antón Fraguas de Compostela e o IES Ames abriron ocos nos seus horarios lectivos para que o alumnado de distintas nacionalidades se coñecese máis a través da exploración dos seus lugares de orixe, das súas linguas e tradicións.

O Instituto Galego de Xestión para o terceiro sector puxo en marcha esta iniciativa en colaboración coa Obra Social La Caixa. Comezaron no mes de outubro pero continuarán ao longo de todo o verán con distintas actividades. Ana Martínez, técnica responsable, explica que "tratase de aproximar realidades moi diferentes para favorecer o recíproco coñecemento". As actividades teñen como lema "Coñece a nosa cultura" e desenvólvense no horario das titorías. A responsable asegurou a Xornal que tiveron tempo de traballar temas como as linguas, as festas populares, a xeografía. "Unha das propostas foi a elaboración dun mural cos signos de identidade dos lugares de onde proceden para logo na clase explicarllo aos seus compañeiros", explica Ana Martínez.

A procedencia dos rapaces deu lugar a múltiples posibilidades xa que estaban inscritos colombianos, chineses, brasileiros, cubanos... A experiencia para os organizadores e os profesores dos

centros foi gratificante "porque permitiu ver os diferentes matices e interpretacións da realidade". Ademais de recorrer as fontes documentais convencionais, os grupos implicaron tamén as familias do alumnado inmigrante, quen trasladaron a aula as súas propias achegas, tanto en forma de obxectos persoais, como de manifestacións do patrimonio inmaterial da súa cultura de orixe.

Ana Martínez confesa que este programa "é unha oportunidade para moitos xoves que viven nos pisos tutelados e están no programa Mentor, xa que desta forma visualizan a súa integración". A profesional conta que "cando os rapaces ou as rapazas comentan que queren abandonar o instituto ou o programa fálanse con eles nas titorías e elaborase un plan de intervención dun xeito específico".

Unha vez que rematen as clases o programa Aleida continuará coas actividades de tempo libre e con distintos obradoiros. Están pensados talleres de habilidades sociais para "os que non queren ir a ningures", talleres de resolución de conflitos e por último de sexualidade. Algúns xa se puxeron en marcha durante o curso pero coa chegada das vacacións as propostas incrementanse por mor do tempo dispoñible. Ana Martínez insiste en transmitir a idea de que non se trata de "opcións fechadas senón que están abertas a todos e todas para favorecer un clima de convivencia".

Cano está a piques de rematar a primeira experiencia que se fai con xoves de diferentes nacionalidades a técnica responsable chama a atención sobre a comunidade chinesa: "No Antón Fraguas de Santiago hai un importante



Alumnos inmigrantes mostran a súa cultura

XDG

Prepáranse talleres de habilidades sociais, resolución de conflitos e sexualidade

número de adolescentes da China é unha hora á semana traballamos con eles para darlle a coñecer outras culturas distintas e para que se abran a outras posibilidades, é un reto porque moitos deles non falan galego, nin español".

En Igaxes xa traballan para repetir a experiencia e para poñela en práctica noutros lugares do país porque "a de Santiago foi moi interesante". ■

[www.xornal.com](http://www.xornal.com)

Opina sobre esta noticia e outras en la web de nuestro periódico.

**Breves**

**MEDIO AMBIENTE**

**EE UU apuesta por una iniciativa que podría ampliar el vertido un 20%**

Un portavoz de la Casa Blanca, Robert Gibbs, anunció que BP prepara una nueva iniciativa para intentar interrumpir el vertido de la plataforma Deepwater Horizon en el golfo de México, aunque advirtió que podría provocar un aumento del flujo de petróleo de hasta el 20%. Según BP, la operación de taponado y el aumento del vertido "podría comenzar esta semana, explicó Gibbs. EUROPA PRESS

**VELO**

**Una mezquita planta a la asamblea religiosa por la prohibición del burka**

El imán de la mezquita del Nord, la más numerosa de Lleida, explicó que no asistió ayer a la reunión trimestral de la asamblea de las religiones a causa de la prohibición del uso del burka en edificios municipales. "Es el trabajo de la asamblea religiosa organizar una reunión para hablar de los problemas para intentar quitar obstáculos de la convivencia a nivel de la ciudad de Lleida", dijo el imán. EUROPA PRESS

**CONDENA**

**Veinte años de cárcel para el hombre que mató a una mujer por rechazarle**

La Audiencia de Tarragona ha condenado a 20 años de cárcel a Mohamed Balkhir - marroquí de 29 años - por asesinar a la mujer que le había rechazado en matrimonio. La joven falleció desangrada por la puñaladas que le propinó en marzo 2008. La Audiencia le ha condenado a 19 años de cárcel por el homicidio y otro año más por coaccionar a la mujer para que accediera al enlace matrimonial. XDG

Sementa nos máis novos o amor pola nosa lingua ao tempo que aprenden

**A HISTORIA UNIVERSAL CO TEU Xornal**

Narrada e ilustrada por Pepe Carreiro

PRÓXIMA ENTREGA

SABADO 5 E DOMINGO 6 DE XUÑO


XUDEOS E CRISTIÁNS

- 30 Títulos
- Formato: 125 X 170 mm
- Encadernación tapa dura de 28 páxinas
- Baseada en textos históricos de Bieito Alonso, Lola Varela, Dionisio Pereira e Lois Obelleiro
- Editado por A Nosa Terra

Condicións especiais para subscritores no tfn: 902 212 444

Pídea cada Sábado ou Domingo no teu Quiosco

**2,95€**  
+CUPÓN



Xornal.com

Xornal